

A MESA pola normalización lingüística

Informe sobre a lingua galega na Educación infantil de 3 a 6 anos no curso 2015/16.



Consideracións previas

- 1) A enquisa realizouse a comezo do curso 2015/16 en 269 centros galegos, públicos e privados, de Educación Infantil de 3 a 6 anos.
- 2) Especialmente nos centros privados, mantense a escasa fiabilidade das respostas sobre a distribución horaria no que atinxe ao uso do galego. Moitos acóllense á frase literal “segundo a normativa”, do que se deduce, cruzando os datos cos facilitados sobre o resultado da enquisa declarada ilegal polo TSXG, que o ensino é total ou moi maioritariamente en español, nos casos onde ese é o resultado declarado da enquisa. Con todo atémonos ao indicado tras solicitar máis información.

Só se consigna 100% castelán no caso de que así o manifesten explicitamente.

Reflicítese os datos dos que declaran 50% en galego, aínda que non se corresponda co resultado da enquisa e que mesmo non utilicen material didáctico en galego, nin sequera fichas ou outros soportes elaborados polo profesorado, o que lles resta fiabilidade.

Nos casos onde o centro contou como únicas horas en galego a celebración de datas concretas (Día das Letras Galegas ou outras datas relevantes), estableceuse o criterio de computar como 100% en castelán, xa que a excepción dun día ao ano non pode ser computada nin sequera como achegamento mínimo á lingua de Galiza.

- 3) Sinalamos ademais, que por parte da inmensa maioría dos centros privados ou privados-concertados os impedimentos para a realización do estudo foron notábeis. Tamén houbo centros públicos que se negaron a responder argumentando prohibición expresa da Xunta de Galiza, ou simplemente que a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xa dispuña deles a través do programa informático Xade. Nestes casos computamos como maioritariamente castelán.
- 4) Nalgúns casos negóusenos resposta se a entrevista continuar en galego, o que vulnera mesmo o contemplado no mal chamado decreto de plurilingüismo que sendo claramente lesivo para o galego, aínda o mantén como lingua da administración educativa.
- 5) Como engadimos nas conclusións, este estudo é unha estimación dentro das posibilidades dunha entidade social como A Mesa pola Normalización Lingüística. É a Xunta de Galiza a través da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quen ten as ferramentas e a capacidade de facer un estudo máis amplo e pormenorizado e, ademais, segundo o seu propio Decreto, debe facelo.

*Informe sobre a lingua galega na Educación infantil de 3 a 6 anos
no curso 2015/16*

- 6) Nesta edición engadimos unha pregunta sobre os materiais didácticos en inglés. Con todo cómpre indicar que a práctica totalidade destes contan con soporte editorial fronte aos materiais en galego que en moitos casos son elaborados polo propio profesorado.

Elementos para a reflexión sobre a situación do galego na Educación Infantil:

- 1- Obsérvase un incremento notábel da opción excluínte do galego, nomeadamente en centros privados. Vigo, Ourense e Pontevedra, son os casos máis preocupantes onde entre o 67% e o 75% do alumnado ten negado calquera achegamento mínimo ao galego. Se o coñecemento do galego depender do Ensino Infantil, grande parte do alumando que comeza a Educación Primaria, chegaría a esta etapa alleo á mesma existencia da lingua galega.

Serve como escusa desta exclusión e da negación dun achegamento mínimo ao galego o resultado da enquisa á que facía mención o Decretazo contra o galego que, ilegalmente, se segue a realizar no conxunto do ensino.

- 2- Asistimos a un proceso de estranxeirización da lingua galega, perfectamente visíbel no feito de que hai máis centros de ensino con materiais didácticos en inglés que en galego.
- 3- O pequeno incremento do galego demostra que a mobilización social e a acción das entidades favorábeis á normalización, continúa a ser o único elemento de avance para o galego nos ámbitos nos que se produce, malia mostrar unha lentitude que se explica en ter toda unha administración en contra dos pequenos avances. A sociedade impulsa a lingua en solitario, mais é un impulso insuficiente sen a colaboración e implicación da administración pública galega. Neste momento o ritmo dos retrocesos é maior que o dos avances.
- 4- A importancia da mobilización social a prol da lingua e das accións que proveñen da sociedade, vese moi claramente no aumento da presenza de materiais didácticos en galego nas cidades. A súa simple existencia depende exclusivamente da iniciativa social ou privada, e a adquisición por parte dos centros, depende da iniciativa do profesorado, nalgúns casos coa axuda dos concellos, sen intervención da Xunta de Galiza.
- 5- A información dos propios centros destaca como principais materiais en galego, xunto cos elaborados polo profesorado, *O abecedario*, editado pola Mesa pola Normalización Lingüística, xunto con *Pompas de xabón* da editorial Xerais.

Conclusións

É urxente que a Xunta de Galiza comece a acompañar a crecente demanda de galego en todas as esferas da sociedade, nomeadamente no ensino, coas seguintes accións:

- a. Avaliación da situación do galego no conxunto do ensino: a administración non fixo desde a entrada en vigor do Decretazo 79/2010 contra o galego, ningunha avaliación. A única avaliación das repercusións do decreto no ensino infantil foi realizada por entidades sociais como A Mesa pola Normalización Lingüística.
- b. Retirada total do decreto 79/2010, aplicando as sentenzas que anulaban certos aspectos, mais tamén elaborando un novo que desta vez conte coas achegas e o apoio da comunidade educativa, que dea á lingua galega o amparo que se lle nega na actualidade, e que permita que o galego deixe de ser na práctica unha lingua estranxeira no seu propio país, especialmente para o alumando de menos de 6 anos. Lembramos que a Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o coñecemento do galego, lingua propia de Galiza, a todo o alumnado.
- c. Precísase implicación da Xunta de Galiza na dotación básica de materiais didácticos en galego para a Educación Infantil, favorecendo a súa adquisición.

Datos cidades galegas

Maioría ou 100% en español:

Este dato indica unha mínima porcentaxe de utilización do galego insuficiente para unha adquisición aceptábel da lingua galega. Encádranse aquí os centros que utilizan o galego nalgún momento dentro da súa distribución horaria, o 36,43%

Por primeira vez recibimos directamente a resposta “só en castelán” que deron case o 40% dos centros das cidades galegas como moito introducindo o inglés e limitando o galego só a días concretos como o das Letras Galegas.

O total de centros que utilizan moi maioritariamente o castelán é do 75,84%.

Sendo a situación grave en todas as cidades, Vigo, Pontevedra e Ourense é onde se atopan os casos máis alarmantes de exclusión do galego.

Maoritariamente galego:

Ao contrario do sinalado no caso anterior, xeralmente a utilización do español é maior nestes centros en relación ao galego que de galego nos centros que declaran utilizar maioritariamente castelán.

Embora este dato experimente unha suba respecto á enquisa anterior, cómpre indicar que seguen a ser unha excepción nas cidades galegas, representando só o 5,20%. Sen dúbida, cunha lexislación e política da Xunta contraria a esta posibilidade, a mobilización social e as sentenzas que limitaron a aplicación do decretazo, conseguiron que se perdesse o medo á utilización maioritaria do galego, aínda así moi residual e anecdótica.

Santiago continua a ser unha das cidades galegas con maior oferta de galego na Educación Infantil, á que aínda que escasa se suma Pontevedra.


50%:

O declarado polos centros supón un 18,96. Debemos tomar con precaución esta cifra xa que, segundo se nos informou por parte dalgúns centros, en moitos casos vén motivada pola intención da Xunta de non mostrar datos que evidencien a situación real da lingua galega no ensino infantil e deseñar un panorama de aparente igualdade. Porén facémola constar tal e como se nos indicou.

Isto explica a suba importante con respecto a 2014, aínda que parte del pode ser debido a unha maior conciencia da necesidade do galego, por parte do profesorado e pais e nais, que aínda sendo en grande parte castelán falantes, reclaman a presenza da lingua galega na educación das súas fillas e fillos. A mobilización e o incremento do activismo lingüístico, víronse apoiados tamén pola pequena apertura que supuxo a declaración de ilegalidade por parte do TSXG da enquisa contemplada no decreto. Lembremos que esta enquisa ilegal pretendía por unha banda segregar o alumnado en función da lingua, e por outra negar a posibilidade de que aínda utilizando o castelán na casa, nais e pais contasen coa escola como ferramenta para a transmisión do galego.


Idioma nas aulas. Conxunto 7 cidades

7 CIDADES



Maioría galego	5,20%
Maioría castelán	36,43%
100% castelán	39,41%
50%:	18,96%
	100,00%

Idioma materiais didácticos. Conxunto 7 cidades




Informe sobre a lingua galega na Educación infantil de 3 a 6 anos no curso 2015/16

Utilización do galego nas aulas. A Coruña


Os centros que afirman sen problema utilizaren só español pasan de 0 a case o 7%, o que unido aos que imparten moi maioritariamente en español, con porcentaxes reducidas de galego suman o 65,12%.

Aumentan moi pouco os centros que imparten maioritariamente en galego ,do 0 ao 2,33%, unha porcentaxe residual.

Os que din utilizar dúas linguas soben do 8,33% ao 25,58%, un bo dato que hai que tomar con prudencia.




Idioma materiais didácticos. A Coruña



Informe sobre a lingua galega na Educación infantil de 3 a 6 anos no curso 2015/16

Utilización do galego nas aulas. Ferrol


Continua sen haber ningún centro que imparta maioritariamente en galego. O alumnado só recibe unha porcentaxe mínima de galego no 17% de centros que declaran impartiren nas dúas linguas cooficiais.



■ Maioría castelán:
■ 50%:
■ maioría galego:

	porcentaxes
Maioría castelán:	82,6%
50%:	17,4%
maioría galego:	0,0%
	100,0%


Idioma materiais didácticos. Ferrol




Informe sobre a lingua galega na Educación infantil de 3 a 6 anos no curso 2015/16

Utilización do galego nas aulas. Lugo

Mantén un alto índice de utilización minoritaria do galego 74% Abandona a posición anterior de exclusión do galego pasando do 0% ao 4% de ensino maioritario en galego e a un 22% onde se utiliza algo o galego.




Idioma materiais didácticos. Lugo



Informe sobre a lingua galega na Educación infantil de 3 a 6 anos no curso 2015/16


Utilización do galego nas aulas. Ourense

Alarmente aumento da exclusión do galego, que no 67% non chega nin a unha utilización mínima. Só no 6% é maioritario (sen variacións respecto ao ano anterior) e o 21% din utilizar as dúas.




Porcentaxes:	
Maioría castelán:	6,1%
100% castelán	66,7%
Maioría galego:	6,1%
50%:	21,2%
	100,0%

Idioma materiais didácticos. Ourense




Utilización do galego nas aulas. Pontevedra

É unha das cidades con índices máis altos de exclusión do galego. Só o 25% dos centros utilizan algo de galego, porén cómpre destacar o aumento dos centros onde o galego é maioritario que pasou do 0 ao 16,9%, ou onde se utilizan as dúas linguas que pasou do 0 ao 4,2%




Maioría galego	16,7%
Maioría castelán:	4,2%
100% castelán	75,0%
50%:	4,2%
	100,0%

Idioma materiais didácticos.Pontevedra




Utilización do galego nas aulas. Santiago de Compostela

En relación ao galego mantense nos datos do estudo anterior, con escasa presenza do galego máis ao tempo cunha das maiores ofertas en galego das 7 cidades.




Idioma materiais didácticos.



Utilización do galego nas aulas. Vigo

O nivel de exclusión do galego é altísimo e por riba da media galega.



Idioma materiais didácticos. Vigo

